

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	6º Inf.	15	525

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A Educación Infantil é unha etapa educativa con identidade propia, que se divide en dous ciclos, e que ten como obxectivo o desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado. Para isto, debemos atender ás tres áreas nas que se organiza e que nos marca o D.150/2022 do 8 de setembro que regula o currículo da EI para a Comunidade Autónoma Galega.

A área de Descubrimento e Exploración da Contorna ten como finalidade a construción e o coñecemento que o alumnado vai adquirindo a través das súas interaccións co medio (mediante a observación, exploración e manipulación) no que se desenvolve de xeito integrado (físico, natural e social), á vez que favorece as actitudes de respecto e valoración mediante unha visión sostible do entorno, promovendo unha actitude crítica e creativa.

Dado o carácter globalizado da etapa, esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios).

Para a correcta concreción dos elementos curriculares, establecemos categorías xerais que actuarán como referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa, podendo ser modificada ao longo do curso tendo en conta as realidades educativas de cada persoa e alumnado. En principio, constará de 6 unidades didácticas distribuídas ao longo dos tres trimestres.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O OUTONO CHEGOU	Esta unidade vaise desenvolver no primeiro trimestre coa chegada do outono. Como traballamos de xeito globalizado, aproveitaremos para degustar diferentes produtos típicos do outono, pero tamén para traballar conceptos relacionados co conteo, cos conceptos básicos de Bohem, cualidades dos alimentos, trasvases e traballar os animais que chegan nesta estación, tipo de hábitat, etc.	90	X		
2	O SAMAÍN XA ESTÁ AQUÍ!	Esta unidade vaise desenvolver no primeiro trimestre por ser unha festa típica desta data. En concreto imos traballar as costumes galegas con respecto a esta tradición, incluíndo tamén a alimentación típica desta época do ano, dado que traballamos de xeito globalizado.	85	X		
3	FRÍO INVERNO	Esta unidade traballarase no segundo trimestre, coincidindo tamén coa chegada desta estación. Aproveitaremos para ver os cambios que sofre o medio nesta época do ano, para falar do hábitat dalgúns animais e facer diferentes experimentos para ver os estados e propiedade dalgúns seres inertes.	90		X	
4	TEMPOS DE ENTROIDO	Esta unidade desenvolverase no segundo trimestre, coincidindo coa festa do Entroido. Aproveitaremos para traballar esta tradición galega, ver diferentes manifestacións que se fan en Galicia con respecto a ela, e dado que traballamos de xeito globalizado pois tamén adicaremos tempo a traballar os produtos típicos desta festa popular galega (sabores, cores, formas, texturas, pesos...).	80		X	
5	DE FLOR EN FLOR	Esta unidade imos a traballala no terceiro trimestre. Como traballamos de xeito globalizado, aproveitaremos para degustar diferentes froitas da primavera, pero tamén para traballar as flores (formas, texturas, cores, olores) e diferentes experimentos. Ademais, coñeceremos os animais que chegan nesta estación, tipo de hábitat, etc. e traballaremos as semellanzas e diferencias entre un ser vivo e ser inerte, as partes dunha planta, ...	90			X
6	VERÁN, VERÁN	Esta unidade traballámola no terceiro trimestre e xa como colofón final deste curso escolar. Aproveitaremos para facer unha saída ao aire libre, coñecendo diferentes elementos naturais que nos ofrece o contorno próximo, explorando e manipulando, potenciaremos no alumnado actitudes de respecto cara o medio, buscaremos alternativas e posibles solucións para coidalo. Tamén aproveitaremos para facer actividades cooperativas	90			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	VERÁN, VERÁN	cos nosos compañeiros de Primaria para unha mellor adaptación ao seguinte curso e faremos unha actividade de aprendizaxe servizo.	90			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O OUTONO CHEGOU	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relación entre os obxectos cunha actitude curiosa e con interese.	TI
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece as situacións cotiás onde é preciso medir e cuantificar empregando o corpo.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Identifica as situacións cotiás onde é preciso medir e cuantificar empregando o corpo.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Pode secuenciar pasos para resolver unha tarefa.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Identifica trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos típicos do patrimonio cultural de Galicia e personaxes relevantes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Habilidades do pensamento computacional. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
2	O SAMAÍN XA ESTÁ AQUÍ!	85

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Recoñece diferentes nocións temporais básicas.	TI
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Xestiona distintas situacións	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Establece relacións entre o medio natural e social mediante a observación.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Mostra interese por relacionarse coas persoas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Relacións de parentesco. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións.

UD	Título da UD	Duración
3	FRÍO INVERNO	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega cuantificadores	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identifica os números do 1 ao 10	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa cooperativamente en diferentes proxectos.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Recoñece elementos naturais imprescindibles para o ser humano	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identifica diferentes modelos de familia e parentescos valorando cada un deles	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - A escola.

UD	Título da UD	Duración
4	TEMPOS DE ENTROIDO	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica elementos xeométricos presentes na contorna	TI
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega diferentes estratexias para a toma de decisións	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Coñece elementos do patrimonio natural	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica diferentes modelos familiares	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
5	DE FLOR EN FLOR	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	É capaz de situarse nos espazos habituais	TI
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Expón hipóteses cara o comportamento de diferentes materiais	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Amosa respecto e coidado cara o medio natural e os animais	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica diferentes profesións e servizos da súa contorna.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Os seres vivos e as súas características.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
6	VERÁN, VERÁN	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	É capaz de describir e representar graficamente o seu espazo con respecto a un obxecto e aos demais	TI
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Iníciase no emprego de estratexias para superar a frustración ante situacións problemáticas	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa activamente en actividades STEAM	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Mostra respecto polo coidado dos sers vivos	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñe e amosa interese por participar en diferentes conmemoracións	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antonio Zabala na súa obra *¿Práctica Educativa. Cómo ensinar?*, dinos que non hai un método mellor que outro en termos absolutos, senón que a bondade dos métodos depende, en último caso, dos beneficios que se conseguen coa axuda pedagóxica no momento preciso. É por iso que a metodoloxía levada a cabo é unha **METODOLOXÍA ECLÉCTICA**, misturando a gamificación, que consiste en aplicar técnicas e elementos de xogo na aula co fin de propiciar a aprendizaxe, motivación e o compromiso do alumnado coa experiencia educativa a través de diferentes retos e elementos do xogo; as técnicas de Aprendizaxe cooperativa de Kagan como o folio xiratorio que veremos desenvoltas nas UDS, traballando os diferentes agrupamentos; a rutina de pensamento *¿Vexo, penso e preguntome?* nas actividades de desenvolvemento; a Filosofía para nenos do Proxecto Noria de Ángela Sátiro e Irene Puig mediante os contos relacionados coa temática de cada unidade; o Proxecto de centro ,que xira en torno á Alimentación saudable e a teoría do Asembro de Catherien L`ecuyer nas actividades de iniciación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible
Material visual: tarxetas, fotografías, cartas
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, pdi, ipad, internet, robótica
xogos de taboleiro: memoria, cooperativos, asociación, resolución de problemas
Instrumentos musicais
Material da comunidade educativa
Fondos de investigación da biblioteca escolar e de aula

Segundo a Gimeno Sacristán, emprego materiais adecuados ás características do alumnado, sendo o máis diversos posibles e polivalentes, aproveitando incluso nalgunhas ocasións os materiais de refugallo (Irmáns Agazzi), a robótica para traballar por exemplo a arte, a mesa de luz para traballar palabras ou a app Tiny Tap para un concurso de preguntas. Tamén material visual como é o caso de fotografías e cadros de diferentes autores para ver as diferentes paisaxes dependendo das estacións e poder asociar coa caixa de cores Montessori; empregaremos o ordenador da aula e internet, así como os instrumentos musicais para traballar as cancións propias de cada unidade didáctica, aproveitando tamén para traballar o ritmo; traballaremos con diferentes xogos de mesa manipulativos tal como: erizos a rodar, el fantasma Blitz, Pingüiland...; tamén empregaremos diferentes contos dependendo da temática, tales como "Dos ardillas y una piña", "En otoño, castañas", "El esqueleto coqueto", "Monstruosa sorpresa", "Una carta para Papá Noel", "Como atrapar un elfo"... e empregaremos diferentes materiais funxibles como pinturas de dedos, acuarelas, plastilina, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo e como tal será global, continua e formativa, segundo o Capítulo IV da Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do 2º ciclo da EI na CAG.

Tonucci di que serve para "Leer la experiencia" e desta forma poderase detectar, analizar e valorar o desenvolvemento do alumnado e as súas aprendizaxes, permitindo mellorar e reaxustar a intervención do mestre. É por iso tamén que a comezo de curso fago unha avaliación inicial, para saber en que momento se atopa o alumnado e cales son os contidos a traballar ou a reforzar, mediante a observación directa e sistemática e, ás veces, tamén

empregando as escalas e guías de observación alusivas ás diferentes unidades didácticas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Segundo Pitluk (2007), a avaliación non debe centrarse unicamente no neno ou a nena, senon que debe abarcar todos e cada un dos elementos do proceso, é dicir, avalío por triangulación: o proceso de E/A, a propia práctica docente e a avaliación do alumnado.

En canto á AVALIACIÓN DO ALUMNADO, a técnica máis axeitada é a observación directa e sistemática diaria, analizando as actuacións dos alumnos en xogos, actividades, relacións, cumprimento de normas.... aínda que tamén se empregarán entrevistas coas familias e conversas e análise das producións dos alumnos.

Como instrumentos máis empregados, neste caso destacaremos a avaliación figuro-analóxica (para a autoavaliación), e as listas de control, escalas de observación, o diario de clase, rexistros anecdóticos, rúbricas ou o Portfolio de aprendizaxe (para a heteroavaliación). Así, tamén ó final de trimestre entregarase un boletín ás familias cos progresos dos pequenos.

Os criterios de avaliación para este curso atenderán ós 6 aspectos salientados no artigo 20.6 da xa citada Orde do 25 de xuño de 2009, contando ademais cunhas rúbricas de aprendizaxe para o final de cada trimestre, entendidas por Barberá e De Martín (2009) como ferramentas de valoración empregadas para reflectir o grado de cumprimento dunha actividade. Preséntase como unha táboa de dobre entrada que permite unir e relacionar criterios de avaliación, niveis de logro e descritores. Esta avaliación implica en gran medida unha autoavaliación, que debido á idade dos alumnos só se aplicará en certas rutinas, iniciando así unha cultura e un hábito que se irá consolidando en cursos posteriores.

Criterios de recuperación:

Non procede para a etapa de Educación Infantil.

6. Medidas de atención á diversidade

César Bona di que "Cada neno é un Universo". Dentro da miña aula, ó igual que no mundo, hai gran variedade de personalidades, intelixencias, formas de aprender... É por iso que debo levar a cabo un sistema de ensinanza o máis individualizado posible. A programación terá un carácter aberto e flexible, adaptándose á totalidade dos alumnos, tal e como se establece no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A. de Galicia.

Dentro desta diversidade, hai un neno con retraso global do desenvolvemento e dous máis que acuden a UDIAF 1 día á semana cada 15 días. Ambos os 3 teñen 7 sesións á semana de Pedagogía Terapéutica e o neno con Tea tamén ten 2 sesións coa mestra de AL.

Como cada neno/a ten diferentes intereses, ritmos e capacidades, deseñamos estratexias que garantan esa atención, tales como: modificación dos tempos nas actividades adaptándoos aos ritmos de aprendizaxe, adecuación dos espazos, adaptación das metodoloxías ás necesidades de cada momento, a adecuación das actividades ás diferenzas individuais, prestar máis atención aos procesos que aos resultados ou poñer en práctica unha educación compartida (estreita coordinación entre docentes e familias), entre outras.

Os principios que temos en conta son o de aprender a aprender e aprender facendo, partir dos seus coñecementos previos, a distribución do espazo e tempo atendendo ás súas necesidades e o enfoque globalizador.

Finalmente, en todas as unidades e cando sexa preciso tamén levaremos a cabo actividades de ampliación e reforzo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X		X		X
ET.2 - Hábitos de control corporal		X	X		X	
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos	X		X		X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X			X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X	X	X	X

Observacións:

"Cada persoa busca a felicidade dunha maneira distinta e por diferentes medios e así fabrica distintas formas de vivir" (Aristóteles, en Abelleira e Amigo, 2009). Dende a escola debemos cultivar o optimismo, expresar gratitude, practicar a amabilidade, procurar un clima de afectividade e seguridade, fomentar o autocontrol e a resiliencia. Por iso, levaremos a cabo diferentes rutinas como a merenda saudable , o aseo ou Mindfulness despois do recreo, que nos servirán para traballar actitudes e hábitos referidos ó descanso, á hixiene e á actividade (fomentando así a Ed. para a Saúde) e a actividade de Aprendizaxe Servizo na UD 7.

Cabe salientar, que a todas estas propostas debemos engadir todas as levadas a cabo tendo como centro de interese as Conmemoracións establecidos na O. do 20 de maio do 2022.. Ademais, para traballar algunhas destas conmemoracións empregamos contos, como por exemplo: "Nin un biquiño á forza", "Artur e Clementina", etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a aula dunha persoa experta	Algunha persoa experta en árbores que nos poida explicar as diferenzas entre árbores.			
Contacontos	Un contacontos relacionado coa temática a traballar en cada momento...para a ud 2.			
Saída á contorna	Unha saída á contorna para a observación e exploración das diferentes paisaxes dependendo da estación, para recoller elementos naturais...nas uds 1, 3, 5 e 6.			
Proxecto mediambiental	Relacionado coa temática a traballar, por exemplo coa ud 6 e coincidindo co Día do Medio Ambiente elaboraremos un mini proxecto ambiental.			
Conmemoracións e festas	Realizaremos as conmemoracións que nos marca a Orde 20 de maio do 2022 do calendario escolar, algunhas a nivel de aula e outras a nivel de centro como é o Magosto e o Samaín, o Nadal...			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas	Realizaremos unha saída en cada trimestre e unha a final de curso.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Contémplanse todos os NEAE no deseño das actividades.
Os instrumentos de avaliación son axeitados e eficaces.
Deseño das actividades axeitadas ao alumnado.
Promóvese o desenvolvemento das diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización adecuada das actividades.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Promóvese a participación das familias.
Individualiación do proceso atendendo ás características individuais do alumnado.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño das actividades.

Descrición:

Todos estes indicadores son os que se terán en conta para recoller información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e, de ser o caso, para modificalo ou melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación valorarase mediante a realización dunha rúbrica onde se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados